

**Carlos Neves**

Secretario xeral da Asociación dos Produtores de Leite de Portugal (Aprolep)

Tres consellos e unha camiseta

▶ ÁS AGROINDUSTRIAS ACONSELLOLLES QUE LLES AGASALLEN CUNHA MOSTRA DE CADA PRODUTO AOS AGRICULTORES: SERÁ UN XEITO DE AGRADECER O SEU TRABALLO, DE MOSTRAR COMO TRANSFORMAN O PRODUTO DE ORIXE E DE CONVERTELOS EN *INFLUENCERS* ORGULLOSOS E FIABLES

O traballo aperta, vai calor, hai moito po no aire e temos que mudarnos de roupa varias veces ao día. Fun buscar ao baúl as camisetas e polos do ano pasado e atopei esta camiseta que me agasallaron os amigos de *Vaca Pinta*, os nosos veciños galegos, o cal me fixo lembrar tres cuestións sobre as que estiven reflexionando estes días na soidade do traballo no tractor:

1. Ás veces andamos con rivalidades entre o norte e o sur, entre o continente e as illas, entre Portugal e España, pero somos máis parecidos do que pensamos; hai xente boa en todas as partes e beneficianos enormemente estreitar lazos, comunicarnos e traballar xuntos.
2. Os agricultores teñen que vestir con camisetas e gústalles “suar a camiseta” —que casualidade! Estou a escribir isto cun polo dunha marca de sementes de millo—. Estádesme escoitando, provedores dos agricultores? E a xente das queixerías e das grandes empresas de lácteos, das adegas cooperativas etcétera, etcétera? Os agricultores sentiranse orgullosos de vestir a vosa/nosa camiseta e facervos publicidade de balde.
3. Xa de paso, ao persoal das queixerías, dos iogures, de todas as

agroindustrias que transforman os produtos agrícolas do prado ao prato e se queixan da falta de espazo nos estantes da distribución e dos custos de facer publicidade: cando teñan un produto novo, un queixiño novo, un iogur novo, o novo produto coa proteína de moda, o novo zume, patacas fritas, a nova polpa de tomate... agasállelle cunha mostra a cada un dos agricultores, que son os seus provedores... E se van comezar agora, ofrezan o que xa teñen en stock e que moi probablemente quen vos abastece non coñece. Será un xeito de agradecer o traballo que está detrás de vós e tamén un xeito de mostrar o traballo que facedes para poñer en valor o produto de orixe a través da innovación e a transformación, algo que, a miúdo, é descoñecido por quen está detrás, xente que pode converterse en orgullosos *influencers* ao poñer a camiseta e dicirlles aos seus amigos, veciños e coñecidos: “Eu xa o probei, podedes confiar!”.

P. D. A andoriña está aí atrás en voo picado cazando as moscas que levantei ao sachar o millo e lembrándome que aínda non rexistrei os niños de andoriñas do meu establo como me pediron. ■



MARTIN PP Delta Bambi et
Santos P x Speedy Red x Hotspot P
1230 kg L. 0,07% Pr. / +1,39 SM +124 Long. +110 VO



RELAX Gh Jezebel et
Rainow x Copyright x Redrock
1604 kg L. 0,27% Gr. 0,14% Pr. / +1,24 SM +118 VO



NEXUS Gh Yuki et
Nexo x Pinball x Rafting
1465 kg L. 0,06% Gr. 0,09% Pr. / +1,52 SM +1,91 P



BRADY Gh **RED**
Shout RDC x Matty P RDC x Hotspot P
1177 kg L. 0,11% Pr. / +1,26 SM +132 Long. +124 RCS



CARTER
Carter x Starsky x Prophet DE0956532922
Éxito asegurado. De la Old Mill Starsky Love EX-94



CIRCUS Celeste et
Victorious x V I P x Premier DE0771175105
Pedigrí de ensueño: vacas excelentes y exitosas en pista



ESCOLMO, S.L.

Distribuidor para Galicia y Asturias
Rua Magnolia, 80, bajo
27003 LUGO
Tfno. (+34) 982 217 633
Fax (+34) 982 213 144
e-mail: escolmo@gmail.com



aberekin

Alta Fertilidad
Genética de Confianza